

# Autamira



**CONCELLO DE BRION**

MAIO-1986

ANO I

Nº 3

# ALTAMIRA

REVISTA TRIMESTRAL  
DO CONCELLO DE  
BRION

## SUMARIO

	Páxina
Editorial .....	2
Entrevista .....	3
Dossier: A LODE .....	5
Día das Letras Galegas ...	8
Noticieiro .....	9
Pasatempos .....	14

## EDITORIAL

### *Ensino privado/Ensino Público*

*O Dereito á Educación e a obrigatoriedade da mesma ata os 14 anos, supón que é o Estado quen asume a responsabilidade da formación dos nosos fillos poñendo gratuitamente os medios necesarios (mestres, aulas, material didáctico, transporte, comedores... etc.) para que poidan recibir e adquirí-los coñecementos, habilidades e actitudes, consideradas básicas, para dar resposta axeitada ás demandas e esixencias dunha sociedade en continuo cambio.*

*Desde hai séculos, os grupos máis podentes crearon pola súa conta un modelo de ensino privado, ubicado xeralmente nas cidades, que, mediante un pago, impartíalle ós seus fillos a única formación existente daquela, quedando os rapaces das familias máis humildes sen as vantaxes da educación desde nenos.*

*Froito da Revolución da Ilustración, hai cerca de 300 anos (século XVIII) foise impoñendo en toda Europa, con diferenza de uns países a outros, o Ensino Público, Gratuito e Obrigatorio, que ía posibilita-lo acceso ós logros da Cultura a un maior número de cidadáns; ó mesmo tempo, remataría coas grandes diferencias existentes entre os grupos sociais; xa fose por ter distintos recursos económicos, xa fose por vivir nos diferentes medios: rural ou urbano.*

*O tradicional descreto no funcionamento de tódolos Servizos Públicos: Sanidade, Transporte, Educación, etc., fomentado por un funcionariado sen interese, mal remunerado, sen conciencia de Servizo, lento, e, moitas veces, corrupto e tiránico, levaron ata hai moi pouco, a considera-lo Ensino Público como un Ensino de mala calidade e só válido para os nenos do medio rural, que non tiñan posibles para pagar un internado nas cidades, ou para os máis pobriños dos*

*barrios urbanos, a pesares da entrega e sacrificios de moitos mestres que queimaron moitos anos da súa vida aillados en aldeas, sen luz nin estradas, e insinuando, moitas veces, en cortes habilitadas para aulas.*

*As últimas décadas no noso País, fixeron ó Ensino Privado gozar dunha época de expansión en base ó recoñecemento dunha mellor calidade do seu Ensino, fronte ó Público: aberto a todos, con poucos medios pedagóxicos e económicos, masificado e abandonado pola Administración que transmitía o seu desinterese a un desanimado e, algunhas veces, viciado profesorado.*

*A finais dos anos 60, implantouse a Ley Xeral de Educación Básica, que proporcionou un gran pulo ó ensino Público; promovendo as concentracións, construíndo novos Colexios con servizo de transporte e comedor.*

*As institucións Privadas, que tiñan unha forte implantación en todo o País, presionaron e conqueiron que lles fosen destinados moitos miles de millóns, sen apenas control do Estado, facendo vale-lo principio de gratuidade e igualdade explicitado na propia Lei de Educación.*

*Con estas axudas ó Ensino Privado privábase de un importante capital ó Ensino Público, sempre máis numeroso e máis necesitado.*

*Coa LODE, por primeira vez na Historia de España, un goberno free o poder do Ensino Privado, obrigándolle a contar coa participación directa dos pais, mestres e alumnos; e aposta decididamente polo Ensino Público, para que, a traveso dunha real e plural participación, teña lugar unha esperada dignificación e unha ansiada mellora.*



## ENRIQUE GÓMEZ REINO: *de estudante revolucionario a Vocal Maxistrado*

Na Luaña, entre as sólidas paredes de pedra da súa reconstruída casa familiar e, a carón do lume da lareira, Enrique Gómez Reino reencontra en cada anaco de tempo que rouba a súa intensa actividade profesional, co seu pasado tecido de sentimentos de apego á terra e ó lugar dos seus abós maternos, e cheo de vivencias agochadas en cada corredoiro..., en cada encrucillada..., en cada outeiro..., por onde fuxía ceibado das ataduras e coidados da gran cidade onde se criou desde os seis anos.

Polo seu vincallo co noso Concello, pola súa preocupación a traveso dos seus constantes consellos, ánimos e xestións delicadas, fómolo visitar co gallo de transmitirle a nosa felicitación polo seu nomeamento para vocal do Tribunal de Defensa da Competencia e, ó mesmo tempo, poder escoita-las sempre interesantes historias e opinións dun home que viviu de cerca e participou nos acontecementos sociais e políticos máis importantes no noso País, desde o remate da guerra Civil.

P.— ¿Desde cando te sintes vinculado a Brión e, concretamente, á Luaña?

R.— A miña vinculación con Brión é pola liña materna. Miña aboa naceu aquí, en Espiñeiros, e o meu abó en Ardións. Esta casa estivo pechada corenta anos e non quixen que esto se perdese, polo que, dos nove irmáns que somos, só eu me interesei por ela para quedar vinculado tamén persoalmente.

— ¿Con que frecuencia vés por aquí?

— Nunca perdín a vinculación con Galicia pois, tódolos anos viña a pasalo verán. Desde hai anos en que comecei a arregla-la casa xa veño máis a miúdo.

— ¿Onde fixeche os teus estudos?

— Fixen a licenciatura e o doutorado de Dereito en Madrid. Logo diplomeime en estudos superiores Europeos, durante dous anos, na Universidade de Nancy. Outros estudos fixenos na Universidade de Estrasburgo e a Sorbona. Teño impartido cursos en Universidades españolas e extranxeiras.

— Fálanos da túa carreira profesional. Sabemos que colaboraches con destacadas personalidades do dereito.

— Sí, pertenzo á Escola de García de Enterría. Son catedrático de Dereito Administrativo, anque imparto Dereito da Información na Universidade Complutense.

— ¿Participache na elaboración da polémica lei LOAPA?

— Non, non participei... Participaron outros compañeiros meus.

— ¿En qué consiste e cal é a importancia do cargo para o que foches nomeado?

— En decembro pasado, renovouse todo o Tribunal de Defensa da Competencia, ofrecéndome, o presidente, ser un vocal maxistrado deste Tribunal. Confeso que me sorprendeu o nomeamento.

Coa entrada no Mercado Común adquire unha importancia moi grande. O seu contido fundamental é: a loita contra prácticas monopolísticas do mercado e a publicidade desleal cun carácter marcadamente sancionador; e as sancións poden chegar ata os mil millóns de pesetas.

— ¿Que vai supoñer para o comercio do noso País, a posta en funcionamento deste Tribunal?

— Máis que para o Comercio, para o mercado. Fundamentalmente vai ser un revulsivo para sectores que hoxe atópanse protexidos polos poderes públicos e que van ter que adecuarse ás regras do libre mercado. Isto vai incidir na política das ZUR (Zonas de Urxente Reindustrialización) desenrolada polo Goberno.

— ¿Quere isto dicir que vai entorpecer-la actual política de fomento de emprego levada a cabo polo Goberno?

— Eu coido que non, porque a liberdade de establecemento e circulación de diñeiro, que son dúas liberdades básicas no Mercado Común, acelerarán novas inversións en España de Capital extranxeiro e, polo tanto, levarán aparellada a creación de emprego.

— Entrando no campo político, pola túa idade cusache os estudos na década dos cincuenta.

— Si, acabei no curso 59-60...

— ¿Cómo era o mundo estudantil daquela época?

— A universidade franquista daquela época era unha universidade moi politizada. Como non había canles de participación política, tódalas institucións tiñan plantexado como obxectivo fundamental derroca-lo réxime.

— Nembargantes tódalas facultades de dereito solen ser bastante "clasistas".

— Non así na época franquista, onde a vangarda do movemento estudantil e o profesorado saíu da facultade de Dereito de Madrid, da antiga Universidade Central e logo da Complutense.

A maior parte da clase política de hoxe, tanto da dereita como da esquerda, ou ben foron compañeiros meus ou estudiaban canda min na facultade de Dereito: Gregorio Peces Barba (Presidente do Congreso), Oscar Alzaga (Secretario Xeral do P.D.P.), Pablo Castellanos (Destacada personalidade do PSOE e membro do Consello Superior do Poder Xudicial), Iñigo Cavero (Ex-Ministro), Alvarez Miranda, Javier Solana, Tomás de la Quadra, Luis Gómez Llorente... etc.

— Ou sexa que a túa xeneración de dereito representa a cáseque todo o plantel político do País...?

— Sí; os que son da miña idade e que estudiamos en Madrid, a maioría deles militaban na Democracia Cristiana do grupo de Ruiz Jiménez (actual Defensor do Pobo), algúns pasaron ó PSOE, como Peces Barba, e outros como Oscar Alzaga permaneceron na Democracia Cristiana, actual P.D.P.

— O que parece foi un momento interesante...

— Sí, foi un momento politicamente moi interesante... As primeiras purgas e depuracións políticas fixéronse na Universidade Complutense e despois na Autónoma.

Na última etapa depuraron a 18 profesores do que, por certo, amnistiáronnos a todos menos a min.

— A túa tendencia de esquerda recóllela na Universidade ou xa che viña por pasado familiar? Sabemos que destacados membros da túa familia participaron na política da República.

— Por pasado familiar houbo durante a República xunto a persoas republicanas meu tío-abó D. Xosé Reino Caamaño. Foi deputado da ORGA, aquí en Negreira— que ou foron fusilados ou tiveron que exilarse, outros estiveron no lado franquista.

— Temos noticias que viviches o Maio do 68, "o Maio Francés", precisamente en París; ¿cómo se viviu posteriormente en España esa experiencia? ¿qué repercusión tivo...?

— En España tivo pouca repercusión porque vivíamo-la época da Dictadura, e o noso obxectivo prioritario era derroca-lo réxime. Isto levounos a un considerable atraso con respecto a outros países Europeos. Desde o punto de vista Social, vese na pouca participación para as reivindicacións o traveso da loita sindical, a baixa afiliación que fai que as loitas

reivindicativas non sexan tan duras como nos outros países europeos.

— Nembargantes, aquela época marcou un fito na traxectoria política do noso país, é a primeira vez que se lle fai frente ó réxime abertamente...

— ... Réalzase o movemento obreiro Clandestino.

— ... é a primeira vez que se implican na loita destacadas personalidades opostas ó réxime...

— Sí, si...

— Expediéntase...

— Sí, é certo... Aranguren, García Calvo, Ruiz Jiménez, Tierno Galván... pero con uns obxectivos primarios máis políticos que sociais dadas as condicións que viviamos naquela época.



— Fálanos un pouco da túa militancia política.

— Militei no movemento universitario clandestino da Unión de Estudiantes Demócratas. O remata-la carreira fun fundadora da coordinadora estatal de PNNs e nela estiven ata a súa liquidación na época da transición. Participei na primeira etapa da fundación da U.P.G. (Unión do Pobo Galego), que como se sabe fundouse en Madrid e non en Galicia. Alí coñecín precisamente a Bautista Alvarez e na miña casa fixéronse moitas reunións na clandestinidade. Tamén fun membro da O.R.T. (Organización Revolucionaria de Traballadores). Logo non militei en ningún partido máis. A miña liña actual é a dunha persoa de esquerdas de postura crítica fundamentalmente á xestión do poder. Sen crítica non creo que haxa progreso e aínda é necesario facer no país grandes reformas.

— O falar de política galega sempre sae o tema do caciquismo que foi ata agora a característica máis destacada. ¿Ata que punto se pode explica-la

composición do actual panorama político galego por este factor?

— Eu creo que o sistema político galego séguese articulando basicamente a traveso do caciquismo, sobre todo rural. O tema do Caciquismo garda relación co desenrolo industrial e, namentras non haxa un desenrolo industrial con un protagonismo da crase obreira, o caciquismo seguirá sendo unha lousa para o noso pobo.

— Desde o principio do teu establecemento na Luaña interviñe na política Local. ¿Qué motivou a túa decisión de participar activamente nas primeiras eleccións ó Concello?

— Cando cheguei aquí observei que era necesario abordar certos problemas e enfrenteime ó caciquismo local que influía en tódolos sectores da administración pública que vivía dunha serie de corruptelas. Deste xeito fóronse adaptando á nova situación democrática e dándose conta de que esa situación non podía continuar.

— ¿Cómo xurdiu a Candidatura Galega Independente?. Sabemos que ti tiveche un importante protagonismo na súa xestión.

— Foi un proxecto común. Nas primeiras eleccións busquei unha serie de xente do Municipio inqueda por cambiar esto para dar un novo curso á nosa pequena historia. Xuntámonos en diferentes lugares para falar destes temas e para ver se era posible formar unha candidatura. Lémbrome que só un ou dous días antes de remata-lo prazo de presentación conquerimos a C.G.I. e á vista está o seu éxito.

— ¿Cómo é o teu sentimento respecto a Galicia? ¿sénteste galego...?

— Sempre me sentín galego. Os galegos levamos "iso..." no noso interior, esteamos onde esteamos. Síntome galego, galeguista, nacionalista galego... anque o nacionalismo nestes intres, aínda non atopou o seu lugar axeitado, nin as organizacións políticas adecuadas.

— ¿Non te sintes tentado a vir traballar a Galicia?

— Sempre.

— ¿Cal ou cales son as razóns para non ter decidido este retorno?

— Coido que, en xeral, son as condicións actuais da Universidade Española, e en especial as da Universidade Galega. E neste intre, as posibilidades de traballo na Universidade de Santiago son menos favorables, que as actuais existentes da Universidade na que estou.

— Moitas gracias polas súas respostas.

— A vostedes...

## Implantación da Ley Orgánica do Dereito á Educación (L.O.D.E.)



### ● *Aumento da participación e da responsabilidade de toda-la Comunidade*

**A** participación directa dos pais e mais da Comunidade ven encauzada na nova Lei a traveso do órgano colexiado denominado Consello Escolar.

Este organismo estará composto, para Colexios de máis de 16 unidades, de oito mestres elixidos libremente entre todo o Claustro de profesores, oito pais igualmente elixidos, un representante do persoal non docente e un representante da corporación do Concello, engadíndolle os representantes do alumnado. Pasarán logo a formar parte do mesmo o Director elixido polo propio Consello, o Xefe de Estudos e mailo Secretario, éste último, con voz pero sin voto.

Este importante organismo vai se-lo que leve case toda a xestión do Centro, xa que ten asignadas as máis importantes funcións. Terá, en primeiro lugar, que escolle-lo que vai se-lo Director do Colexio para os próximos tres anos. Será quen aprobe os candidatos para xefe de estudos e secretario a proposta do Director. Deberá aprobar tamén o plan de Centros que cada ano presentará o Director e Xefe de Estudos e o regulamento de réxime interno, así como o plan económico, que deberá elaboralo o Director. Do Consello

Escolar sairá unha xunta económica, que aprobará e controlará os gastos de todo o Colexio.

O Consello Escolar terá tamén capacidade para propoñerlle á Delegación a revocación do nomeamento do Director no caso en que este incumpra gravemente o exercicio das súas funcións.

Como pode verse, vai se-lo Consello Escolar o organismo supremo de decisión e control dos Centros e no que os pais, persoal non docente e representante do concello representan o cincuenta por cento do peso decisivo do mesmo, polo que adquieren unha gran responsabilidade no resultado final de cada xestión.

As incompatibilidades xurdidas en moitas ocasións entre pais, mestres e directores, que tiñan coma árbitro á Administración, quedan definitivamente zanzadas, pola capacidade resolutiva que conleva as grandes atribucións concedidas ó Consello Escolar.

A partires de agora, cada Concello goza de certo grado de autonomía que permite acometer estudias iniciativas, serias correccións e necesarias axudas que eleven a calidade do

Ensino Público en toda a área da súa responsabilidade.

Desde os Consellos Escolares pódese agora acometer a tan ansiada vinculación do Colexio con tódalas iniciativas culturais e Sociais que permitan a instrumentación dalgúns canles para que os ex-alumnos, que non teñen a oportunidade de seguiren estudiando e se adican ó traballo, poidan ter certo grado de continuidade na súa formación, e non caian nun abandono tan absoluto que os leva a un xeralizado desprecio pola Cultura.

A responsabilidade dos pais, aínda considerando certa falla de preparación inicial, irase exercendo cada vez con maior cordura, ó iren tendo coñecemento das melloras plantexadas e dos éxitos alcanzados por outras Comunidades.

## UNHA GRAN OPORTUNIDADE PARA UNHA REFORMA PEDAGOGICA.

**P**or primeira vez unha ley posibilita a participación activa e directa de persoas diferentes do profesorado, na xestión e control dos Colexios, dotando de responsabilidade ós pais, autoridades locais, alumnos e persoal non docente.

Esta novidade, sen que os mestres perdan nunca a iniciativa pedagóxica, permite que chegue ós Colexios un novo caudal de interés, ideas e preocupación que sirva para estimularlos gastados métodos pedagóxicos, as acomodadas rutinas xestoras e os asentados pesimismos, xustificadores de inercias, ante calquera proposta de mellora.

De Colexios públicos, debido a



circunstancias históricas, sociais e corporativas, foron caendo en multitude de vicios que, aínda salvando a numerosos exemplos de mestres con un gran celo profesional, dotados dunha gran capacidade de traballo e de exemplar eficacia docente, non chegan para rematar coa opinión xeralizada dos baixos niveis de rendemento académico que amosan as estadísticas de fracaso escolar.

A desconexión co medio rural duns plans pedagóxicos elaborados por un Centralismo Administrativo; a desatención a un crecente profesorado, pouco experimentado e pouco estimulado que o leva a ir aprendendo a costa dos seus propios erros, e a falla dunha sólida base formativa sobre técnicas pedagóxicas e recursos didácticos, fai que proliferen toda unha variedade de métodos pouco rigurosos que supoñen unha alta dose de experimento cos rapaces.

Nos extremos desta gama metodolóxica, encóntanse certas prácticas inovadoras e enxebristas, (moitas veces xustificadoras de tódalas ocorrencias e rarezas persoais) que fuxen de todo intento de control de rendemento ou de planificación metodolóxica. Aínda defendendo aspectos positivos do método tradicional, soen existir modos viciados do mesmo, que se caracterizan por pasaren a ser: librescos, rutinarios, repetitivos e aburridos no que o rapaz é unha parte pasiva do mesmo.

O anarquismo pedagóxico sen unha mínima coordinación, somete ós rapaces a un constante vaivén de criterios, sistemas, métodos, valores, opinións... que dificultan enormemente a aprendizaxe coherente e sólida, e imposibilitan toda clase de sistematización necesaria para unha mínima calidade do ensino.

A sempre difícil coordinación entre o profesorado, que impide o aproveitamento das experiencias duns mestres por outros e un certo grado de continuidade metodolóxica; a infrautilización do material didáctico dispoñible nos Centros debido á inoperancia dos Departamentos; a laxitude no cumprimento das obrigas; a falla de

interés e responsabilidade dalgúns pais; van ser factores nos que a LODE vai incidir directamente.

Polo pronto, varía sustancialmente os puntos de referencia para enxuciar-lo labor dos Centros Públicos. En primeiro lugar traspasa gran parte da responsabilidade e control a toda a comunidade. En segundo lugar, instrumenta uns medios dinamizadores tales como: potencia-la xestión directiva e xefatura de estudos a base de concederlles amplas facultades para diseña-lo modelo de Centro; ó mesmo tempo, aproxímalles un órgano de Control, distinto da Administración, con amplas facultades tamén como é o Consello Escolar.

En terceiro lugar, esixe a todo aspirante ó cargo a presentación dun plan de Centro que permita un seguimento do labor, enxuciamiento do éxito e análise das causas con propostas de correccións.

## POTENCIASE A FIGURA DO DIRECTOR E DO XEFE DE ESTUDIOS

As direccións dos Colexios Públicos están concebidas como uns cargos que esixen certas cualidades persoais que favorezan a integración de todo o profesorado nos plans de traballo, e estimulen o interés pola mellora do Colexio, tanto no orde material como no pedagóxico. Require tamén unha dose de capacidade organizativa e de sensibilidade e respecto hacia as situacións persoais, dada a información confidencial, sometida ó segredo profesional, que chega ás súas mans.

Aínda que xa de feito moitas funcións directivas xa se viñan exercendo con anterioridade, a LODE

reforza e amplía as competencias do Director e do Xefe de Estudos.

### Funcións da Dirección

Exercer oficialmente a representación do Centro en tódalas ocasións, cumprir e facer cumprir tódalas lexis, orientar e dirixir tódalas actividades do Centro, exercer-la xefatura de todo o persoal, convocar e presidir tódolos actos académicos e reunións, ordea-los pagos e visa-los certificados, executar tódolos acordos dos demais órganos, propoñer cargos e cantas outras se lle engadan polas autoridades educativas.

### Académico - Pedagóxicas

Organización do Centro, distribución de materias e tutorías ós profesores, supervisión e orientación nas programacións así como seguimento das mesmas; artellamento de tódolos plans de traballo persoais e de equipo en un único plan de Centros; promover-la análise e corrección dos rendementos académicos; especifica-lo calendario de actividades extraescolares, reunións de Claustro, Consello Escolar, Departamentos, etc.

Para poder atender ben todas estas funcións, a lei prevé unha serie de prerrogativas e vantaxes que xa se viñan aplicando desde a creación das concentracións escolares.

Entre as vantaxes da Dirección encóntase a facultade para liberar horas de clase que, dependendo do número de unidades, pode chegar ata as 16 semanais. Vai contar ademais, coas axudas do Secretario e do Xefe de Estudos para levar adiante as tarefas de tipo administrativo e académico.

A ostentación do cargo de Director conleva economicamente a percepción dun Complemento de Destino superior ó de calquera mestre, que coa implantación da LODE, vaise ver incrementado notablemente. Recibe tamén a maior porcentaxe no reparto dos pagos pola xestión e vixilancia dos Comedores Escolares.

A LODE incorpora tamén para o exercicio dos cargos de Director Xefe de Estudos e Secretario uns premios na puntuación administrativa e a posibilidade de presentaren como méritos os anos de servizo no cargo.



A pequena historia dos Colexios foi, en algúns casos, fatal ou felizmente sangüida á historia dos seus Directores. A existencia na LODE da presentación de Candidaturas para o acceso ó posto Directivo, potencia a tecnificación progresiva do Cárrego.

O bo funcionamento dun Colexio dependerá en gran medida de saber utilizar axeitadamente as prerrogativas de tódolos cárregos de cara ó artellamento dos diferentes organismos que permitan o mellor aproveitamento das súas funcións, ó xerar neles un dinamismo que desperte unha ilusión pola mellora e o progreso do Colexio.

Acepta-los cárregos supón aceptalas responsabilidades que conlevan un alto grado de entrega e traballo.

A liberación de horas débese sempre utilizar para pensar, diseñar e programar actividades así como en segui-lo cumprimento do plan de Centros.

A LODE remata dalgún xeito coas eleccións de directores en base a supostas capacidades e difusas intencións de levar adiante ansiadas melloras.

Hai algúns exemplos de persoas que chegaron a ocupar o cárrego directivo descoñecendo toda a complexidade relativa ás funcións inherentes ó exercicio do Cárrego, que xustificaban os fallos coa posta de "boa vontade"; insuficiente por sí soa, ou por esquecementos incomprensibles para unha persoa que ten responsabilidades sobre centos de persoas.

Noutros casos, algúns directores, usaron as atribucións dunha maneira arbitraria tanto para autorizar permisos, ilegais, de días, sen cubri-lo posto de traballo con un sustituto, coma para utiliza-las horas liberadas de clase para le-lo periódico ou descansar no despacho, sen reparar que esas horas non son concedidas a título persoal, senón que deben utilizarse en beneficio de todo o Colexio.

Os Colexios mal administrados, a parte dun baixo rendemento académico sofren fallas constantes de material, tanto de tipo didáctico coma administrativo, así coma fallos nos diferentes

Servicios. Adolecen tamén dun alto grado de imprevisión e improvisación que determina a alteración frecuente do ritmo académico con ordes e contraordes apresuradas, e actividades sen planificación nin explicación previa de obxectivos, horario e responsabilidades para cada ocasión.

## PLAN DE CENTROS: INSTRUMENTO CLAVE PARA MELLORA-LA CALIDADE DO ENSINO.

**A**nda que desde hai varios anos a Administración xa viña esixíndolle ós Directores e Xefes de Estudos un plan de Centros onde se especificasen claramente: os criterios aplicados na organización do Colexio, obxectivos a conquistar, métodos a utilizar, proxectos pedagóxicos e materiais a realizar, calendarios de aplicación a seguir... etc. poucos Centros presentaron este Plan perfectamente cumprimentado, polo que a súa eficacia sobre a mellora da calidade do Ensino foi desaproveitada.

Coa aplicación da LODE, cobra especial prioridade a elaboración dun plan de Centro, por ser unha existencia para a presentación da candidatura a Dirección.

Ata agora, as persoas que saían elixidas para os cárregos de Dirección e Xefatura de Estudos non facían ningunha exposición oral que clarexase

cal era a súa visión do Colexio, cal fa se-la súa modalidade de xestión e goberno. Isto favorecía a ausencia de calquera compromiso de mellora e entrega a súa función en base a obxectivos verificables.

A existencia dun plan escrito supón canto menos un compromiso real coa comunidade, servindo ademais, de instrumento obxectivo de valoración e control da laboura que se leve a cabo no Centro.

Permite, ademais, ver ata que punto un candidato está capacitado para responder con certo grado de competencia ás esixencias do cárrego.

Ademais deste plan persoal que deberá acompañala candidatura do futuro Director, cada ano, no mes de setembro, deberá presentarse ó Consello Escolar para a súa aprobación, o plan anual do Centro onde se reflexarán os obxectivos xerais para o curso e o programa temporalizado para cada un dos órganos xestores; obxectivos específicos para cada nivel e ciclo; deseño de avaliación e criterios pedagóxicos para a distribución de actividades no horario escolar, plan xeral de información ós pais e, finalmente, criterios e calendario para a revisión periódica do plan ó longo do curso académico.

A falla dun plan de Centro, como foi normal ata agora, imposibilita todo seguimento do traballo e coordinación entre niveis e departamentos. Impide todo análise e crítica enriquecedores e estimuladores de toda función. Anula todo intento de afondar nas raíces verdadeiras dos fallos educativos para a súa erradicación definitiva.

Ademais, sen un plan de Centros, ó par que se estimula o sector do profesorado máis inmovilista, fréase o sector máis dinámico e progresista que contempla como os seus proxectos estrélanse coa apatía institucionalizada dos órganos xestores que fan que tódolos esforzos, encamiñados a unha millora, vaian gastándose por falta de apoio, e carezan de toda posibilidade de continuidade.

Un plan de Centros é o único instrumento capaz de remata-las improvisacións tan características dos Centros Públicos, ó permiti-la visión anticipada dos problemas e a súa previsión mediante un estudio meditado das posibles solucións.

Mellora-lo Ensino Público é cousa de todos: pais, mestres, alumnos, autoridades e persoas e equipos xestores. Os medios informativos, a traveso da súa análise, crítica e divulgación contribúe a manter vivas as atencións necesarias e os esforzos precisos para que non decaia o espírito renovador que vai impreso na LODE.

## AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

*representa o rexurdimento literario Galego da postguerra*



"Da poesía  
non teño unha  
idea crara.  
Si a tivese,  
e fora a xusta,  
eu sería  
o millor poeta  
do mundo.  
Coido que  
a poesía é  
un esforzo  
dooroso polo  
afán de  
arrodear,  
de encher,  
de eternizar  
de luz  
as cousas..."

O día das "LETRAS GALEGAS" comezou a celebrarse a partires do 17 de maio do ano 1963, cadrando co centenario da publicación de "Cantares Gallegos" da nosa poetisa Rosalía de Castro.

Desde entón, hai xa 23 anos, cada ano veuse adicando a un ilustre escritor galego para que tiveramos presentes, a traveso desta celebración, a tódolos escritores, artistas e persoas que tiveron como preocupación a Galicia... Homes que durante moito tempo estiveron esquecidos, exiliados, ou mal tratados, coas súas inxerencias e as súas esperanzas nunca escoitadas, rexurdiron como facedores en silencio dunha cultura asoballada e rexeitada desde tódolos poderes, que permitiu, despois da "Longa noite de pedra", saír novamente á luz puxante e esperanzada.

O día das letras Galegas, aprovéitase tamén, para darlle un empuxón á nosa Cultura, á nosa Lingua e á nosa Historia.

### PERFIL BIOGRAFICO:

Co motivo do vintecinco cabodano do finamento de Aquilino Iglesia

Alvariño, acaecido en Santiago o 29 de Xullo de 1961, adicase a este ilustre escritor o Día das Letras Galegas deste ano.

Naceu Aquilino Iglesia, na zona de Abadín, no norte de Lugo, o día 10 de Xuño de 1909. Cursou varios anos estudos no Seminario de Mondoñedo e logo na Universidade de Santiago, onde se licencia en Filosofía e Letras. Adicase ó ensino impartindo as súas clases no Colexio "León XIII" de Vilagarcía de Arousa en donde é Director desde o ano 1935 ata 1949, no que obtén a cátedra de Latín por oposición.

Exerce a súa función dende entón, nos institutos de Lugo, Pontevedra e Santiago. Foi nomeado numerario da Academia Galega e colaborador do Instituto "Padre Sarmiento". Ata o seu finamento, impartiu clase na universidade de Santiago como profesor axudante.

### PERFIL LITERARIO:

Este escritor é representativo da poesía galega da postguerra polo feito de ser o seu libro "Cómaros Verdes"

—(1946)— o primeiro que se publica en galego despois da Guerra Civil.

Non hai que esquecer que desde 1939 a 1950 a vida editorial galega, estaba centrada na Arxentina, protexida pola prestixiosa e poderosa institución do "Centro Galego" a onde se acolleron a maioría de escritores e artistas galegos axiliados publicando ó amparo desta institución.

Os escritores que seguiron vivindo en Galicia, tiveron que seguir coa liña imaxinativa e neotrovadorista aínda anos, para así escaparse da realidade, sometida a unha forte censura, e poder publicar.

O libro que abre a época da postguerra, segue a mesma liña dos outros que xa tiña escritos, "Señardá" 1930 —publicado cando o escritor tiña dezaseis anos e era seminarista en Mondoñedo— que refrexa a lembranza, a saudade e o intimismo da paisaxe galega; e "Corazón ó vento" 1933, onde cambia a súa expresión literaria clásica do soneto, polo verso libre aproximándose ás novas correntes poéticas, de avangarda.

Iglesia Alvariño, pola proximidade onde foi nado, ó centro relixioso cultural de Mondoñedo, estudia neste seminario adquirindo, a traveso do Latín e dos poetas clásicos, unha sólida e profunda formación humanística, que lle permite máis tarde traducir ó galego ós poetas clásicos, depurando e dándolle á Lírica tradicional galega rezume de Cultura clásica.

A morte é a teima central dos seus últimos libros, publicados en vida: "Lanza de soledá", onde recupera a expresión clásica do soneto para verter neles as reflexións sobre a propia existencia, a fugacidade do tempo e esa "morte presentida" e "Nanias" —publicado o mesmo ano da súa morte e adicando unha chea de poemas a escritores e artistas, xa finados: Rosalía, Noriega, Cabanillas, Lorca...

Xa morto, os seus amigos e compañeiros quixeron ofrecerlle unha homenaxe publicando poemas inéditos e outros publicados ailladamente nun libro tituado: "Leva o seu cantar". Tamén foi un grande crítico e ensaista publicando os seus traballos maioritariamente na prensa.



## Constitución da Asociación Forestal de Galicia

O día 22 de febreiro pasado constituíuse a ASOCIACIÓN FORESTAL DE GALICIA con participación dun bo número de propietarios de montes da zona alta do noso Concello.

A asociación nace coa idea de agrupar a tódolos propietarios de montes de Galicia para impulsar a riqueza forestal. Entre os seus obxectivos inmediatos están:

- Ofrecerlle asesoramento técnico ós propietarios sobre elección de especies, viveiros e prantacións, cuidados selvícolas, medidas para prevención de incendios, cubicación de madeira en pé, tratamento de pragas e enfermidades, etc.
- Información sobre tramitación de axudas e subvencións, prezos, e tendencias de comercialización. Vai publicar un boletín informativo periódico, e organizará cursiños de formación e especialización.
- Actuar ante a Administración para esixir colaboración nos problemas do sector forestal.
- Facilitar apoio técnico e xurídico para agrupación de superficies forestais con vistas

a posibilitar ou mellora-las explotacións.

En xeral, pretende apoia-la produción forestal e ofrecerlle ós seus integrantes unha serie de servizos necesarios para incrementa-la rentabilidade das producións. De vello, o monte significou unha parte importante da economía campesiña, era a caixa de aforros do labrego: ó monte íase cando casaba un fillo, cando había unha enfermidade ou unha defunción na familia, cando se metía un en obras ou se facía algunha inversión extraordinaria. Daquela cuidábase o monte; hoxe non, porque é cuidar pró lume. Pero esto tén remedio e parécenos que a Asociación chega en bo momento: hai que repoboar, abrir pistas e tornalumes, limpa-los montes, controla-los prezos, etc. E, coa entrada no Mercado Común, non lle agarda mal porvir á madeira, da que Europa é deficitaria.

Precisamente, de cara ó Mercado Común, hai dúas cousas das que falan con insistencia os medios de comunicación últimamente e que os produtores forestais non debe-

rían de esquecer: por unha banda, están as boas perspectivas que teñen en Galicia os castiñeiros, incluso con posibilidades de crear un imperio comercial baseado na comercialización de castañas; pola outra banda, a denuncia que andan a face-las asociacións ecoloxistas de que a Galicia se pretende convertirla —como anteriormente se ten feito— na reserva madeireira de Europa para especies arbóreas de rápido crecemento (non por iso máis rentables) para abastecer-las necesidades das fábricas de celulosa e mesmo instalar éstas na nosa Terra.

Mais estes serán temas que a Asociación deberá de ter en conta á hora de programa-las súas actuacións. Nós desexámoslle longa vida e animamos a tódolos propietarios de montes para que se afilien.

Os representantes da Asociación no noso Municipio son Xosé Cambón Fernández, de Ons, e Manuel Blanco Vidal, de Viceso. Hai tamén un teléfono en Santiago ó que se pode chamar desde as nove ás once da noite (número 56.59.55). Tanto por teléfono ou como directamente os representantes están dispostos a darlle todo tipo de información ós interesados.

O seu enderezo postal é: Asociación Forestal de Galicia. Apartado de Correos 307. Santiago de Compostela.

## Brión inaugura- rá este ano, a romaría Interna- cional



Xa hai data para a FESTA DA FROITA deste ano: Será o día 5 de xullo, que cae en sábado.

Como se sabe, esta Festa en Brión pretende ensalta-la froita do noso val da Amaia, pero o fundamental do seu programa está composto por unha mostra folclórica de diversos países que vai itinerante por 10 concellos de Galicia e o de Camiña en Portugal ó longo de un mes co nome de Romería Internacional.

Para a edición deste ano, cóntase coas actuacións dos seguintes grupos folclóricos: Ballet Folclórico Nacional de Yugoslavia "Frula", Ballet Nacional de Puebla-México, "Teibi Mahori Dance Group", de Rarotanga (illas Cook do Pacífico), "Sbart Joaquín Ruirra", de Girona, coa Banda de Cancoba é un grupo galego.

Haberá tamén xogos populares (loita canaria, Voladores de México e "Palitroques" de Tenerife) e mostra gastronómica e de artesanía de Extremadura, Canarias, México, Cataluña, Yugoslavia, Illas Cook e Galicia.

Este ano Brión será quen inaugure a ronda de actuacións da Romería, co que os actos revestirán unha solemnidade especial. Prás doce do mediodía está prevista a apertura, con recepción dos grupos, desfile e presentación. Pola noite serán as actuacións.

## Celebración do día da Arbre no Colexio de Brión

O plan de obras de melloras do colexio de Brión incluía un ordenamento do patio exterior que posibilitase o seu axardinamento.

O colexio de Pedrouzos estivo a celebrar no pasado mes de marzo o día da ARBRE co que se quixo despertar a conciencia a tódolos nenos sobre do significado e necesidade das prantas e, máis concretamente, das árbores na vida das persoas.

Con motivo do remate das obras de mellora que se estive-

ron levando a cabo, o Concello donou máis de dúas dúcias de árbores para as pequenas zonas ailladas do xogo e esparsamento dos rapaces, que servirán para o seu axardinamento.

Entre as árbores doadas polo Concello destacan oito camelias, tres alciprestes, dúas tullas, dous salgueiros choróns, e varias nogueiras, castiñeiros e carballedos.

Xa con anterioridade, e tamén co gallo da festa da arbre, o Concello doara media

dúcia de árbores, que por falta de coidado foron pouco a pouco desaparecendo. Para evitar a acción destructiva e fóra de control dos rapaces, o Concello, suxeriu ó Colexio que se repartise o coidado de tódalas árbores entre as diferentes clases a ver se así se despertaba un maior interese e respecto nos rapaces polas prantas.

O coidado e atención das prantas pode servir ademais para levar a cabo clases ocasionais de estudo da natureza e experiencias de sementeiras, xerminacións e floracións nos espazos reservados para xardíns.

Educar no coidado e respecto do que é de todos, posibilita sempre que as cousas poidan seguir mellorando. Con un pequeno esforzo por parte de todos habémolo conquistar.

# NOTICIEIRO

## Importantes melloras dos cemiterios



recinto do camposanto e se consolidará o muro de sostemento do adro.

A obra dos Anxeles é de máis envergadura: trátase de rematalo que se comezara hai 12 anos. Daquela ampliárase o vello cemiterio a conta da horta da rectoral cerrando o terreo con 137 panteóns. Quedara unha obra digna, que supuxera unha inversión de 3.500.000 pesetas. Agora, atendendo ás abundantes peticións dos fregueses, vaíse cubri-lo recinto interior con carreiros de panteóns. As obras xa comenaron.

Brión é un caso típico do que falabamos ó primeiro: en sucesivas obras no cemiterio, fixérase unha desfeita tal que agora tén difícil amaño. O ano pasado, ante a imposibilidade da parroquia de chegar a unha solución, o Concello, de acordo cos viciños, erixiuse en promotor da ampliación do cemiterio parroquial. A tal fin, mercou unha leira lindante co adro de máis de unha hectárea de superficie.

O proxecto de ampliación redactouno o arquitecto César Portela e chama a atención pola súa orixinalidade: empezando porque respeta o relevo do

terreo (moi accidentado), dispón os panteóns en ringleiras curvadas seguindo a liña da pista que leva á igrexa e está ideado coma se fora un parque: o centro compositivo estará formado por un estanque de auga rodeado de salgueiros choróns; introdúcense elementos ornamentais pouco frecuentes nos camposantos: paseos con moito arborado, bancos de pedra, unha fonte e, por diante dos panteóns, un emparrado de glicínias e roseiras. O proxecto inclúe tamén unha escalinata alternada con rampla para salva-lo desnivel que separa da igrexa, un cruceiro, unha mesa de altar, a caseta para depósito de cadáveres e aparcamento de vehículos.

Contéplase a construción de 174 panteóns de catro nichos cada ún, deixando sitio para futuras ampliacións. O seu presuposto ascende a 38.000.000 de pesetas.

Ata agora presentáronse 96 peticións e, caso de que non haxa máis, farase unha primeira fase, na que, ademais dos panteóns, irá a construción da escalinata de acceso á igrexa e o portal de entrada. O coste de cada panteón pode ronda-las cento corenta mil pesetas.

nin hixiénico, nin práctico. Non é raro atopar igrexas totalmente afogadas por panteóns mostruosos, invadindo anarquicamente os recintos dos adros e ás veces adosados ás paredes das vivendas; coma se non houbera terra abondo, coma se os mortos llela tiveran que disputar ós vivos.

No cemiterio de Cornanda estase a construír un pequeno número de panteóns, suficientes para cubri-las necesidades da parroquia, co que se cerrará o

De sempre houbo entre nós interés por facerlle morada digna ós defuntos: o culto ós mortos vénnos de moi vello e a cristiá reformárono ca esperanza na vida eterna (mesmo a salabra cemiterio devala da prega "kaimeterion", que quer licir "dormitorio"; indicando que os mortos non están mortos, lormen, esperan).

Pero a verdade é que as obras nos cemiterios non sempre se fixeron con gusto artístico,

## Folga de profesorado

Os días 22, 23 e 24 de abril vouose a cabo no Colexio de Vedrouzos, unhas xornadas de olga para protestar pola redacción do Estatuto do Profesorado, que están a elaborar representantes do Ministerio de Educación.

A convocatoria de folga foi secundada maioritariamente polo profesorado do Colexio, ue deixou de impartir-las súas clases como medio de presión tra que o Ministerio de Educación dese marcha atrás no actual proxecto de Lei.

O Estatuto do Profesorado n traer unha serie de modificacións na actual división administrativa dos funcionarios adicados ó Ensino e caracterizada na totalidade, por unha tendencia salutaria.

A pretensión do Ministerio

de crear tres categorías de mestres, con percepcións económicas distintas e que existe un determinado número de anos de estancia en cada Categoría, e de unha promoción á seguinte en base a uns concursos de méritos; choca coas tendencias igualitarias que propoñen un único Corpo de insinantes Non Universitarios onde se reunisen os ata agora tres Corpos de profesores de E.X.B., B.U.P. e F.P. e que defenden varios Sindicatos.

O Dereito á folga é un dos máis importantes valores dunha Democracia. A folga é o único instrumento de que dispoñen os traballadores para faver vale-los seus dereitos fronte ás Empresas no caso en que non se poñan de acordo no salario a percibir polo seu traballo ou nas condicións nas que se ten que levar a cabo.

## Servicio de Lectura para a parroquia dos Anxeles

Na parroquia de Os Anxeles vén funcionando desde hai uns anos o SERVICIO DE LECTURA, principalmente adicado ós nenos do catecismo, que se mantén gracias ó entusiasmo do cura e catequistas.

Con moi escasos medios foron reunindo unha biblioteca maiormente con libros infantís. Os rapaces poden retirar un libro cada domingo, que devolven ó domingo seguinte, despois de lelo. E parece que a cousa funciona, pois raro é o neno que non vai cada domingo co seu libriño pra cambiar.

A iniciativa é verdadeiramente meritoria e ogallá que prendera nas demais parroquias, pois todos sabemos que o noso é un dos países onde menos se le. Sabemos, eso sí, que o mellor amigo é un libro, pero debemos xer xente de poucos amigos... Seguro que, se as tabernas en vez

de viño venderan libros, non lanter tantos clientes. Claro que a culpa non é toda da xente que non lemos, pois a maior parte téñena os organismos responsables de promociona-la cultura: en cada concello, en cada parroquia, en cada escola debería haber bibliotecas onde grandes e pequenos poideran ir a ler ou levar prestados libros para ler nas casas. Por eso, parécenos tan importante o labor que promove a parroquia de Os Anxeles.

Especialmente interesante é fomenta-lo hábito da lectura nos nenos. Cómpre que non lean só libros de texto: os libros de contos, as revistas infantís ilustradas, etc. moitas veces son o camiño para que os rapaces lle vaian tomando afición á lectura e a conserven de maiores. Por outra parte, qué ben lle viría un libro a moita xente para curar da droga da televisión... e entre nós hai moitos teleadictos.

# NOTICIEIRO

## Alumnos do Colexio de Brión premiados nun concurso escolar



O pasado mes de xaneiro foron fallados en Pontevedra os premios do Concurso Escolar "Alfredo García Alén", convocados polo Patronato do Museo de Pontevedra. O xurado que o calificou acordou conceder un segundo Accésit, dentro do apartado "Unha festa do Calendario", ó traballo "OS MAGOSTOS", presentado por un grupo de alumnos do C.P. de E.X.B. "Pedrouzos" de Brión.

O premio consistiu nun cheque por valor de 10.000 pesetas, e un lote de libros para o Colexio.

O grupo que realizou o traballo estaba constituído polas alumnas de 8º: Ana Pérez Cacho, Pilar Piñeiro García,

Pilar Sánchez Duarte, Olga Troncada Campaña e Emma Vidal Campos; asimismo colaborou con elas o profesor de Galego que fixo a labor de coordinador.

O traballo presentado é un breve estudo sobre a tradicional festa dos "magostos" localizada exclusivamente no concello de Brión —a excepción das parroquias de Ons e Viceso, por non estaren os seus rapaces escolarizados neste Centro, e ter polo tanto difícil acceso ás fontes de información—.

Nel recóllense distintos aspectos desta festa como o social (costumes...), o literario (refrás, cantigas, adiviñas...) ou gastronómico (recetas do caldo

de castañas, cocidas con leite... etc.).

Outros aspectos moi interesantes non poideron ser abordados, debido fundamentalmente á falta de tempo.

Os datos foron elaborados a partir de dúas fontes: unha delas foi a realización dun cuestionario de preguntas, elaboradas polo equipo de traballo, e a outra, e fundamental, foi a dos traballos presentados polos alumnos de 7º e 8º na asignatura de Lingua Galega.

Asimismo inclúense no traballo algunha das fotografías do magosto que se celebrou no Colexio, co ánimo de recuperar esta festa.

A conclusión final é que o "Magosto", coma festa tradicionalmente comunitaria (coma moitas outras no noso calendario), xa non existe coma tal.

A xente séguelle chamando "Magosto" ó simple feito de asalar as castañas na casa durante o mes de novembro (fundamentalmente o día de Santos, ou de Sanmartiño). Tamén dicir que moita xente nova descoñece totalmente o nome da festa.

O grupo que elaborou o traballo quere agradecer a colaboración de tódolos compañeiros (profesores, e sobre todo a dos alumnos polo interese posto en cada un dos seus traballos presentados), e en especial ós nosos paisanos, porque sen a súa presenza e as súas informacións este pequeno estudo sobre a festa popular nunca sería realidade.

## Agradecemento da filla de D. Luís Tobío

Co gallo da publicación na revista Altamira dunha pequena lembranza do insigne escritor da Amaia D. Luís Tobío Campos, fóronlle enviados á súa filla pola Alcaldía varios números para facer testemuño do noso agradecemento pola súa colaboración; ó mesmo tempo amosarlle a nosa simpatía e admiración por un ilustre veciño, que adicou gran parte do seu espírito creativo a compondor fermosas cantigas adicadas a terra da Amaia, onde naceu.

Pola súa xentileza publicamos enteira a súa pequena felicitación:

"Estimado Alcalde: Recibín os dous números de ALTAMIRA que moito lle agradezo e ó mesmo tempo quero felicitalo polo ben presentados e editados que están, desexando que sirvan de exemplo e estímulo a outros municipios. Saudalle atentamente María do Axeles Tobío Fernández, Licenciada en Filosofía y Letras e Ex-Bibliotecaria da Universidade.

## Rectificación dos nosos erros

No número anterior de ALTAMIRA escapóusenos un erro no artigo que trataba do Departamento de Servizos Sociais (ás veces tamén o trasno se mete nas impresas a facer das súas). Nun dos recuadros onde se resumía o número de persoas atendidas no Departamento, non figuraba ningunha solteira, e en realidade foron 65.

Tamén é incorrecto o dato de familias acollidas á Beneficencia Municipal na parroquia de Bastavales: onde di 4 familias, debía dicir 11.

## Cambio do cura de Viceso e Ons



No pasado mes de febreiro, as parroquias de Viceso e Ons tiveron cambio de cura. D. Manuel Torreira Arán deixou estas dúas parroquias para atenderlas de Marcelle (onde nacera hai 58 anos), Cabanas e O Barro.

Fixo estudos eclesiásticos no Seminario de Santiago que rematou o ano 1957. A súa vida de cura empezou na pequena parroquia de San Xoán de Camboño, en Noia, na que estivo dous anos ata que, no mes de xullo de 1959, foi nomeado prós parroquias de Viceso e ONS, que atendeu durante 26 anos. A súa marcha foi sentida polos fregueses, que lle renderon unha cariñosas homenaxes.

Para cubri-la baixa, o Arcebispo nomeou a D. Manuel Canedo Nimo. Naceu na parroquia de Trasmonte en 1947 e estudou a carreira sacerdotal en Santiago, rematándoa no 1969. Desde o 69 ó 74, estivo en Madrid, onde fixo as licenciaturas de Ciencias Sociais no Instituto León XIII, dependente da Universidade Pontificia de Salamanca, e a de Ciencias Políticas na Universidade Complutense. Tamén é diplomado en Cooperativismo pola Universidade Politécnica de Valencia.

Xa de volta en Galicia, no ano 1974 e ata que veu para aquí, exerceu como coadxutor da parroquia de Vilaxoán, en Vilagarcía.

No pouco tempo que leva entre nós, xa amosou un grande interese por dinamizar relixiosa e socialmente as parroquias ó seu cargo. Que sexa ben visto e que o seu esforzo fructifique.

# NOTICIEIRO

## Renovación do padrón de habitantes

POR  
CORREO



pasaba de política, a política pasaría da xente. Así, morto o can, acabouse a rabia.

O protagonista da nosa historia foi o que daquela actuaba de Delegado Provincial de Estadística. Nunha tumultuosa reunión en Brión con máis de 200 persoas correra perigo de que o tiraran á fonte: prometeu canto se lle pedira, pero desde que se safou das iras do vicindario, fixo raposeiramente o que quixo e dunha tallada borrounos dous mil habitante do Padrón; cos emigrantes quitou ata vellos que nunca saríran da casa.

Así saíron uns censos de 1981 impresentables. Abonda ver que na provincia da Coruña, dunha poboación que anda no millón de habitantes, só apareceran nove mil e pouco calificados como ausentes, e aquí hai que contar mozos que cumpren o servizo militar, estudantes que residen fóra das súas casas, emigrantes e toda a poboación que no momento de face-lo censo non estaba na casa por calquera circunstancia.

Simultaneamente cas follas do Padrón estase tamén cubrindo unha ficha de cada elector para face-lo Censo Electoral. Mais, este novo Censo non estará a punto prás próximas Eleccións Xerais, que se guiarán polos censos do ano pasado.

### Adxudicación do servizo de limpeza

Acábase de adxudicarlo servizo de limpeza das escolas de párvulos e dos consultorios médicos do Concello.

De acordo coas bases do concurso, que se publicaran con anterioridade, o adxudicatario do servizo comprométese a face-la limpeza diaria dos consultorios médicos de Brión, On Anxeles, Bastavales, Boullón, Luaña, Cornanda, Viceso e Ons dúas veces cada semana.

Presentáronse sete proposicións e adxudicóuselle o servizo a Carme Arca Rodríguez, de Adoufe-Os Anxeles, polo precio anual de 499.999 pesetas, por se-la proposición máis barata.



Altamira busca nesta sección que se estrena hoxe, unha participación de tódolos lectores para que nela se expoñan as ideas, suxerencias, queixas e preguntas que estean latexando na cabeza. Deste xeito, preténdese abri-la participación na revista a un maior número de persoas, e ó mesmo tempo dar saída a tódalas preocupacións dos viciños.

Moitas veces sabemos que os problemas non chegan a resolverse por falla dunha comunicación directa cos responsables de enmenda-las cousas.

Preténdese deste xeito, posibilita-la ocasión de que as cousas se poidan oír en tódalas partes e que así teñan unha maior posibilidade de solucionarse.

Tamén esperamos que se fagan todo tipo de preguntas referidas á Administración, Educación, Cultura, Servizos, Política, etc. e das que se careza de medios propios para atoparlle resposta.

Por iso, Altamira, comprométese, en cada ocasión, a busca-la persoa axeitada que aporte unha resposta crara e precisa sobre o que se demanda.

En cada número de Altamira, iranse publicando todas aquelas cartas que se dirixan ó seguinte enderezo: REVISTA ALTAMIRA, CONCELLO DE BRION.

Finalmente suliñar que esta sección vai pensada especialmente para a xente xoven, na que se espera un maior número de inquedanzas e desexos de cambios.

Estase a face-la renovación do Padrón de Habitantes, operación que se realiza en todo o país cada cinco anos. No próximo número de ALTAMIRA contamos con podermos ofrecer-las noticias de poboación do noso municipio parroquia por parroquia.

Cómpre recorda-la comenencia de que non quede ningún sen empadroar, pois — parte de que legalmente todos tamos obrigados a elo—, a inscrición no Padrón ábreno-lo camiño para disfrutar dos nosos dereitos viciñais: figurar no censo Electoral para poder votar, informes para a Seguridade Social, para reservar praza nas escolas, etc. Por outra parte, os presupostos municipais baséanse en grande medida das declaracións do Estado, que se calculan preferentemente polo número de habitantes empadroados (actualmente supón unhas cinco mil pesetas por habitante nos concellos da categoría do noso).

Todos recordamo-las problemas que houbera na confección do Padrón anterior hai cinco anos por culpa dos emigrantes: por unha banda, o Concello e mailos viciños consideraba que os emigrantes xa bastante aturaban con teren que emigrar sen que a maiores perderan os seus dereitos cidadáns, e pola outra, a Delegación de Estadística emperrouse en quitalos seguindo uns criterios políticos inconfesados; para acabar coa fantasma da abstención en Galicia, pensaba que a solución sería suprimir ós emigrantes do Censo, por considerar que estes eran os principais responsables do pouco creto que entre nós gozan os políticos. A solución era radical: se a xente

## Nova entidade Bancaria

Próximamente —conta que a o mes de xullo— comenza a funcionar unha nova entidade bancaria en Brión. Trátase do Banco Español de Indiferencia, que abrirá oficina en Irouzos. Non é que a abundancia de bancos cree a riqueza da comarca, pero poden ser índice da súa existencia.

Riqueza é o que nosa comarca necesita, pois nos últimos anos ben castigada foi: unha banda, veu desmantelada a pouca industria que a comarca tía (son xa historia das

fábricas de Portanxil, Tagal, Resysa, etc.), e pola outra, a sorte de moitas economías familiares —maiormente da parroquia de Brión— está vencellada ó cambio de divisas de Venezuela, polo elevado número de emigrantes que gañan alá e invirte aquí, e xa sabemos a sorte que esa república americana corre últimamente.

Así e todo, se a apertura desta nova entidade bancaria vai rebordar nun mellor servizo á poboación, benvido sexa.

# NOTICIEIRO

## Rematou a 5.<sup>a</sup> Liga do Tambre

Comenzada o 12 de xaneiro, como xa anunciara o núm. 2 de ALTAMIRA, o 23 de marzo rematou a 5.<sup>a</sup> Liga do Tambre co truíño final do equipo de Ons.

O desenrolo da competición foi semellante ó de tempadas anteriores en canto ós aspectos básicos de organización: calendario, reunións semanais do comité, arbitaxes, clasificacións, etc. Xogada polos equipos de Aro, Liñaio, Ons, Os Anxeles e Viceso, cómpre destacar como un dos aspectos positivos desta edición, que xa se fixera notar na pasada, a maior deportividade dos xogadores, reflexada tamén no público que asistiu ós partidos.

Outro feito a destacar é o de que, por primeira vez na historia da Liga, houbo que agardar ata

o último minuto para sabe-lo gañador xa que catro equipos (Aro, Liñaio, Os Anxeles e Ons) chegaron á última xornada con posibilidades.

Os dous últimos partidos, Aro-Viceso, onde Viceso gañou o seu único partido, e Ons-Os Anxeles coa victoria final de Ons, deron gañador da quinta Liga do Tambre ós de Ons, título que conquiren por cuarta vez.

A clasificación final foi a seguinte

Ons	11 puntos
Liñaio	10 puntos
Aro	8 puntos
Os Anxeles	8 puntos
Viceso	3 puntos



## Xogos escolares: Celebración das finais de Asociación

modestos resultados, supón un grave avance respecto do ano pasado onde só catro equipos chegaron ás finais e deles, só o equipo de minibasket Alevín conquistou un terceiro premio. Pola contra neste ano 12 equipos disputaron as finais e recibindo

premio dez equipos.

Estas xornadas leváronse a cabo sen ningún atranco, a pesares de que o tempo non foi moi benévolo, e discurriron seguindo os horarios previstos na programación.

### Futbito Benjamín

Primero: Santa Comba  
Segundo: Dices  
Tercero: Brión  
Cuarto: Negreira

### Futbito Alevín

Primero: Bertamiráns  
Segundo: Bembibre  
Tercero: Brión  
Cuarto: Santa Comba

### Fútbol Infantil

Primero: Bertamiráns  
Segundo: Brión  
Tercero: A Baña  
Cuarto: Antes

### Fútbol Cadete

Primero: Santa Comba  
Segundo: Negreira  
Tercero: Brión  
Cuarto: Bembibre

### Balonmano Alevín

Primero: Santa Comba  
Segundo: Brión  
Tercero: Portomouro  
Cuarto: Pino de Val

### Balonmano Infantil

Primero: Portomouro  
Segundo: Santa Comba  
Tercero: Brión  
Cuarto: A Baña

### Baloncesto Benjamín

Primero: A Baña  
Segundo: Santa Comba  
Tercero: Brión

### Baloncesto Alevín

Primero: Negreira  
Segundo: Santa Comba  
Tercero: Brión

### Baloncesto Alevín

Primero: Negreira  
Segundo: Santa Comba  
Tercero: Brión  
Cuarto: Bembibre

### Baloncesto Infantil

Primero: Negreira  
Segundo: Santa Comba  
Tercero: Brión  
Cuarto: Bembibre

### Baloncesto Cadete

Primero: Santa Comba  
Segundo: Brión  
Tercero: Negreira  
Cuarto: Pino de Val

### Voleibol Alevín

Primero: Antes  
Segundo: Pino de Val  
Tercero: Portomouro  
Cuarto: Brión

### Voleibol Infantil

Primero: Antes  
Segundo: Santa Comba  
Tercero: Pino de Val  
Cuarto: Brión

### Voleibol Cadete

Primero: Antes  
Segundo: Santa Comba  
Tercero: Pino de Val  
Cuarto: Brión



No Colexio de Pedrouzos, como sede organizativa dos XV-Xogos Escolares da Comarca do Tambre, estiveronse levando a cabo nos días 13 e 20 de marzo e 5 de abril, as xornadas de semifinais e finais de deporte de asociación.

O deporte de asociación responde ás modalidades de Baloncesto e Voleibol para nenas e fútbol e balonmán para os rapaces, ademais de tenis de mesa e xadrez tanto para nenas como para nenos.

Para estas modalidades deportivas teñen establecidas catro categorías por idades, que son Benxamins (9-10), Alevíns (11-12), Infantís (13-14) e Cadetes (15-16).

Nestas xornadas acoden a Brión os Colexios campeóns da fase de grupo por cada Categoría e en cada modalidade deportiva.

O noso Colexio correspóndelle dispoñer das instalacións, confecciona-los horarios, contratar os árbitros, leva-lo control e distribuí-los premios.

Hai que suliñar nestas xornadas o éxito do Colexio de Santa Comba, veterano participante destes xogos e sempre con uns exitosos resultados. Destaca tamén o Colexio de Portomouro que acaprou tódolos primeiro premios de tenis de mesa, tanto masculinos como femininos.

Respecto ó Colexio de Brión, aínda con uns máis

# Banco Español de Crédito, S.A.

## "BANESTO"

*A Organización Bancaria, que axiña se poñerá a disposición da comarca da Amaía na nova Sucursal que ten proxectado abrir en BRION - Santa Minia.*

## PASATEMPOS

### CUADROGRAMA

	1	2	3	4	5	6	7	8
1								
2								
3								
4								
5								E
6								A
7				A				O
8								A

### ORIZONTAIS

- Arbre ripícola.
- (En castelán) rapaz. Texido protector.
- Canción popular canaria. Tobo.
- Pertenceme. Pranta con picos.
- Acharase.
- Muller faladora.
- Pronome - Vocal - Oco da itana.
- Desconfía.

### VERTICAIS

- 1.— (En castelán) Seres naturais.
- 2.— Armas modernas - Vocal.
- 3.— Vocal - Cóchegas
- 4.— Oficina de escribano - Consoante.
- 5.— (Ó revés) encontre - animal.
- 6.— Segundo apelido dun coñecido sexólogo español — Que da vida.
- 7.— Ringleira - Dez en cifras romanas - Consonante - Trinitotolueno.
- 8.— Para ver - Vocales fortes.

### PARA CAVILAR

O encargado dunha cárcere, tódolos anos poñía ós presos nun patio que tiña dúas portas, diante das que poñía dous gardas. Unha das portas tiña saída á rúa mentras que a outra porta volvía a dar ó interior da cárcere.

Para facelo máis difícil, a un dos gardas decíalle que mintise sempre que algún preso lle preguntase algo, namentras que ó outro garda ordenáballe dicir sempre a verdade. Entón, un día sinalado, ofrecíalle ós presos a posibilidade de saír da cárcere sempre e cando, facéndolle a mesma pregunta ós dous gardas, acertase coa porta de saída á rúa.

Un ano, un sabio que estaba na cárcere acusado de vagamundo escoltou a proposta do, encarregado da cárcere e dixo: "isto é moi fácil..." Preguntou ós gardas e saíu para a rúa. ¿qué pregunta lle fixo ós gardas?

### SOLUCIÓNS OS ANTERIORES PASATEMPOS

	1	2	3	4	5	6	7	8
1	C	O	R	N	A	N	D	A
2	U	S	A	I	L	I	R	A
3	M	O	R	C	E	G	O	S
4	I	T	E	O	M	A	N	O
5	O	I	A	D	A	I	X	L
6	M	O	R	E	N	O	I	I
7	E	S	I	M	E	L	A	V
8	U	S	E	O	S	A	R	A

### Para cavilar:

— O artista deberá pasa-lo río en primeiro lugar a ovella deixando na beira ó lobo co repolo. Logo voltará e pasará o repolo. Deixará o repolo e collerá a ovella para pasala de novo á outra beira onde quedaba o lobo. Deixará a ovella e recollerá o lobo para pasalo. Deixará o lobo novamente co repolo na outra beira, e voltará só a recolle-la ovella.

MARCELINO  
LEMA  
LOBATO  
LEMA



Fábrica y Oficinas:  
Telf. (981) 883034 - Part. 590191  
BASTAVALES - SANTIAGO  
(Coruña - España)



Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 32 83  
LOS ANGELES

SANTIAGO

*Construccions*

**FRAGA**

Obras de Albañilería en xeral  
BRION



SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSION  
ESTUDIOS, PROXECTOS E PRESUPOSTOS  
CONSERVACIONES, REPARACIONES  
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS



GALLINA BLANCA  
PURINA

COMERCIAL AGRICOLA  
DA MAHIA, S. L.

Teléfono 88 32 50  
OS ANXELES  
BRION



ASOCIACION CIVIL  
AMIGOS DE SANTIAGO

**Restaurante  
"O' FUMEIRO"**

CARACAS - Venezuela

(Concesionario: Juan Fresco Fernández)



Carpintería - Mobles - Electrodomésticos  
Tel. 88 33 33 - BASTAVALES BRION  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

PANADERIA

**SERRAMITO**

Os Anxeles-Brion  
Tel. 88 31 55

## AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10  
SERVICIO OFICIAL

SEAT



## ARTE EN PEDRA



Tfno. 811704

CRUCEIROS  
HORREOS  
ESCUDOS  
CHEMINEAS  
FONTES  
BANCOS  
ESCULTURAS

AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

## Hnos. GENDRA

Fábrica y Oficinas:  
BASTAVALES

SANTIAGO

## Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico  
Sanitarios - Abonos químicos  
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX  
Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO

## FERRETERIA "SANTA MINIA"

Teléfono 88 30 10

**José Caramés**  
Brión (Santa Minia)

Materiais para Construcción e Saneamento,  
Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal,  
Droguería, Papelería, Obxetos de Escritorio,  
Traídas de Auga, etc.

## EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS  
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N

Tº 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA



**LA VASCO  
NAVARRA**

SOCIEDAD ANONIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º  
TELEFONO: 58 48 91  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

## Mesón - Parrillada A' Roda Hospedaje

NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne á brasa
- Viños a elexir

Rodríguez de Viguri, 7  
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA